



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Corrección de erros das bases aprobadas para a contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas, en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, durante 9 meses, para o programa de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo.

Núm. Admvo. Expte: 2024/E001/000004

Expte. Decreto Núm: 2024/G003/000439

Visto que pro Resolución de Alcaldía núm. 371/2024, de 27/05/2024 se aprobaron as bases para contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas, en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, durante 9 meses, para o programa de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais, convocatoria de subvencións da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo.

Visto que esta contratación está subvencionada pola Orde do 27/12/2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17 do 24/01/2024).

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 119/2024, de 20/02/2024, se estableceron as retribucións para os/as traballadores/as que se solicitaron ao abeiro da convocatoria para a contratación temporal de persoas en risco ou exclusión social perceptoras da Risga, para o exercicio de 2024, para o servizo denominado Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais, de acordo coa seguinte táboa:

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZAC . SEG.SOC .	OCUPACIÓ N	CNAE 2009 (4 díxitos) /ou OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)		%		DURACIÓN CONTRATO EN MESES		TIPO XORNADA %
				COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL		TOTAL CUSTO MENSUAL				
2	10	PEÓNS	G	992,25	35,28%	350,07	1342,32	9M	75,00%	24.161,76

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

Advertido un erro na base terceira das bases de selección aprobadas, relativo ao importe das retribucións brutas mensuais, atendendo a que o importe que aparece reflexado na dita base terceira por 1.342,32 euros corresponde coa suma dos custos relativos ao salario bruto máis á porcentaxe da cota patronal á seguridade social.

Visto os antecedentes que constan no expediente municipal relativo ás retribucións deste persoal e constatado acreditado o erro na redacción das bases de selección, en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debe procederse a súa corrección.

Por todo o exposto, esta Alcaldía, facendo uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de Bases de réxime local,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLVO:

Primeiro: Corrixir o erro detectado na base terceira das bases de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 371/2024, de 27/05/2024 para contratación laboral temporal de 2 peóns/peoas, en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo, relativo ao importe das retribucións brutas mensuais:

Onde dí:

“... Retribucións brutas mensuais: 1.342,32 € (paga extra incluída)”

Debe dicir:

“... Retribucións brutas mensuais: 992,25 € (paga extra incluída)”

Segundo: Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios municipal, taboleiro da sede electrónica e páxina web municipal.

Mándao e asínao en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde

Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora

Asdo. Begoña Carrasco García